



Número:
2023 / 000657
Fecha: 04/05/2023 20:43

Id.PI.: SE/decreto_PTA

ASUNTO: APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES Ó ABEIRO DA ORDE DO 9 DE XANERIO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2023

Visto que por resolución do resolución do 26 de abril do 2023 da Xefa Territorial da Xefa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, foille concedida a este Concello subvención equivalente os custos salariais dos traballadores contratados, maila cotización empresarial a Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultantes da contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da RISGA para a realización de obras ou servizos segundo as desagregacións que figuran no anexo á resolución, resulta necesario proceder a selección de ditos traballadores polo procedemento de oposición con tramitación urxente.

Vista a proposta da concelleira de Réxime Interno do proceso de selección e contratación de traballadores ó abeiro da orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras de RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2023.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da selección e contratación de traballadores ó abeiro da orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras de RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2023, co seguinte detalle:

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMATIVA APLICABLE

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal mediante a modalidade de contrato de traballo para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (CÓDIGO 505), en réxime de dereito laboral e xornada parcial, dos seguintes postos para a contratación de traballador/a/es/as preceptor/a/es/as de RISGA e inscrito/a/s no Servizo Público de Emprego Estatal de Galicia como persoas demandantes non ocupadas, para a realización de obras ou servizos de interese xeral que foron solicitados ó abeiro da Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023, co seguinte detalle:

NÚM TRAB.	OCUPACIÓN
4	PEÓN CULTURA E PE
2	PEÓN MA
1	PEÓN MANTEMENTO
3	PEÓN OBRAS

CSV: 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3



DOCUMENTO
FIRMANTE
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE - 04/05/2023
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 20:43:09

Número : 2023000657
Fecha: 04/05/2023
Hora: 20:43
Persona 34256762X





A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como a orde xa citada.

2.- FUNCÍONS.

O persoal seleccionado desempeñará as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscrito/a/s aos correspondentes servizos municipais, sendo entre outras as súas funcións:

PROGRAMA PROTECCIÓN DE ZONAS VERDES E MEDIO AMBIENTE:

- RECOLLIDA DE LIXO DE ZONAS AXARDINADAS, REGAR E ACONDICIONAR OS PARQUES E XARDÍNS MUNICIPAIS, LIMPAR DE MALEZA E FOLLAS AS ZONAS PEONÍS, SEGAR, PODAR E DESBRAVAR EN DIVERSAS ZONAS VERDES MUNICIPAIS, TRASLADAR, E PLANTAR DIVERSAS PLANTAS E ARBUSTOS.
- BALIZAR E PINTAR MOBILIARIO URBANO, ALIMENTAR AVES ZONA RÍO CABE.....

PROGRAMA MANTEMENTO:

TRABALLAR MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (CAMPO FÚTBOL, EDIFICIOS MUNICIPAIS, LUGARES DE OCIO....)

PROGRAMA PROMOCIÓN CULTURAL E ECONÓMICA:

- AXUDA EN VIXILANCIA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS CULTURAI: EXPOSICIÓNS, COLEXIOS, EDIFICIO MULTIUSOS, BIBLIOTECA...
- COLABORACIÓN NA MONTAXE DE EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES CULTURAI: COLOCACIÓN DE CADEIRAS, CADROS, ESCULTURAS.....
- COLABORACIÓN EN ORGANIZACIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL DE DIVERSAS ACTIVIDADES TURÍSTICAS DO CONCELLO PROMOCIONANDO A ECONOMÍA DA COMARCA: VISITANTES TORRE DA HOMENAXE...

PROGRAMA DE OBRAS:

APOIO Ó PERSOAL DE OBRAS NAS REPARACIÓNS E ACONDICIONAMENTO EN VÍAS E EDIFICIOS MUNICIPAIS.

CSV: 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE - 04/05/2023 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 04/05/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 20:43:09

Número : 2023000657
Fecha: 04/05/2023
Hora: 20:43
Persona 34256762X





1.2. REMUNERACIÓN:

SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL
1.351,28	38,30%	517,54 €	1.868,82

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ser persoa beneficiaria de RISGA e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente. As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G.

4.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

PROBA ORAL.

Os/as aspirantes preseleccionados polo SEPG serán convocados para a realización da proba do proceso selectivo mediante chamada telefónica o telefono que conste nos currículos remitidos.

Faranse dous intentos para tratar de localizar os/as aspirantes, dos cales se deixará debida constancia en dilixencia asinada polo/a funcionario/a encargado.

Na mencionada chamada informarase ó/a aspirante preseleccionado/a polo SEPG de que deben acudir ás dependencias municipais para recoller notificación persoal da convocatoria, no prazo indicado ó efecto, máximo os dous días hábiles seguintes a recibir a chamada.





Advírtese ós/as aspirantes que de non ser localizados telefonicamente, e ou, non acudir a recoller a notificación persoal as dependencias municipais, conlevará os prexuízos que poida depararlles, sen responsabilidade algunha ó efecto por parte deste Concello.

O tribunal realizará a proba oral os/as aspirantes, formulándolles cuestións relacionadas coas materias adxuntas.

A proba realizarase mediante a contestación a un formulario de dez preguntas previamente realizado polo tribunal, que conterá cuestións relativas tanto as materias que, a continuación, se relacionan como as funcións propias das prazas a desenvolver.

Co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a transparencia do proceso, das contestacións feitas polos aspirantes ás preguntas realizadas polo tribunal tomaráse nota escrita que se xuntará ao expediente.

Valorarase o nivel de coñecementos e a claridade na exposición dos mesmos, así como a capacidade e disposición para o desempeño das funcións obxecto da selección.

A puntuación máxima será de 10 puntos.

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A PROBA ORAL.

PROGRAMA PEÓN MEDIO AMBIENTE.

Tema 1. A Constitución Española. Principios xerais. Estrutura e contido. Principio de igualdade. Tutela contra a discriminación.

Tema 2. Coñecemento do Concello de Monforte de Lemos, as súas vías públicas, prazas, principais edificios e parroquias.

Tema 3 Coñecemento da situación dos seus principais parques, xardíns e zonas verdes.

Tema 4 . A plantación. Segá, abono. Transplantes. Poda. Sistemas de rego máis utilizados.

Tema 5. Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada en xardinería: Características e utilidades de cada un. Prevención de riscos laborais do posto.

PROGRAMA PEÓN CULTURA .

Tema 1. A Constitución Española. Principios xerais. Estrutura e contido. Principio de igualdade. Tutela contra a discriminación.

Tema 2. .Ortografía e gramática básica.

Tema 3. .Principais edificios municipais. Atención ó publico neles.

Tema 4. Coñecemento do Concello de Monforte de Lemos, as súas vías públicas, prazas, e parroquias.

Tema 5. Recursos culturais do Concello de Monforte de Lemos e da Ribeira Sacra. Coñecemento do Concello de Monforte de Lemos, as súas vías públicas, prazas, e parroquias.

PROGRAMA PEÓN DE OBRAS .

Tema 1. A Constitución Española. Principios xerais. Estrutura e contido. Principio de igualdade. Tutela contra a discriminación.

Tema 2. Mantemento das instalacións e infraestruturas municipais.

Tema 3. Vías, beirarrúas e locais de titularidade municipal.

Tema 4. Coñecementos básicos de albanelaría e fontanería.

CSV: 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE - 04/05/2023	
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 04/05/2023	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 20:43:09	

Número: 2023000657
Fecha: 04/05/2023
Hora: 20:43
Persona 34256762X





Tema 4. Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada en albanelaría e fontanaría. Características e utilidades de cada un.

Tema 5. Utilización de maquinaria. Prevención de riscos laborais do posto.

PROGRAMA PEÓN DE MANTEMENTO.

Tema 1. A Constitución Española. Principios xerais. Estrutura e contido. Principio de igualdade. Tutela contra a discriminación.

Tema 2. Mantemento de instalacións e Infraestruturas deportivas.

Tema 3. Utensilios e maquinaria utilizada no mantemento de campos de fútbol de herba natural.

Tema 4. Instalacións deportivas de titularidade municipal. Situación, tipoloxía e características.

Tema 5- Mantemento das instalacións e infraestruturas municipais.

En caso de empate trala suma das puntuacións obtidas na proba teórica oral terán preferencia, en todo caso as persoas perceptoras da RISGA que :

1º- Teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.

2º.- Os maiores de 45 anos.

3º.- Os que teñan cargas familiares

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O Órgano de Selección valorará as probas do proceso selectivo. A súa composición será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a e 7 vogais así como os respectivos suplentes, sendo a súa composición a detallada a continuación:

Presidente:

Titular: Dona Marta López Peña, Técnica Letrada do Servizo de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo

Suplente: : Dona María Inmaculada Buján Arias Técnico Administrativo do concello de Monforte.

Secretario:

Titular: José Antonio Mourelle Cillero, Secretario concello de Monforte.

Suplente: Don Manuel Vázquez Fernández, Interventor do Concello de Monforte de Lemos.

Vogais:

Titulares: : Dona Elisa Fernández Rodríguez, Arquiteira bibliotecaria do concello de Monforte, Don Manuel Fernández Álvarez, Xefe atención cidadá concello de Monforte, Don Víctor Couso González Capataz concello de Monforte, Don Juan Carlos Prado Díaz Técnico de Medio Ambiente concello de Monforte, Dona Sonia Rois Fernández Auxiliar administrativo concello de Monforte, Don Carlos Rodríguez Fernández, Animador cultural do Concello de Monforte de Lemos e Don Óscar Rodríguez Técnico de Deportes concello de Monforte de Lemos.

Suplentes: Don Dositeo Piñeiro Fernández Axente atención cidadá concello de Monforte, Don Xosé Martínez Rodríguez Auxiliar administrativo concello de Monforte, Dona Miriam Amparo Castro Casas Auxiliar administrativo concello de Monforte, Dona Concepción Enríquez Vázquez Auxiliar administrativo concello de Monforte, Dona Elvira Tuñas Dugnot, Xefa de Sección de Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, Don Juan José Fernández Granda, Enxeñeiro Técnico Agrícola da Deputación Provincial de Lugo e Dona Ana Vila Vázquez Xefa Sección de Patrimonio da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo).

CSV: 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE - 04/05/2023
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 20:43:09

Número : 2023000657
Fecha: 04/05/2023
Hora: 20:43
Persona 34256762X





Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior a ensinanza secundaria obrigatoria e ser persoal laboral fixo ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade.

Para a válida constitución do Órgano de Selección requirirase a presenza do Presidente e o Secretario ou, se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais, titulares ou suplentes, indistintamente. O Tribunal poderá aos efectos de axilizar o procedemento de selección, establecer diversas comisións, para realizar a entrevista. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e resolverá cantas incidencias se presenten ou xurdan da aplicación das presentes bases.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.

Os membros do órgano de selección deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunhas de ditas circunstancias ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á función pública nos cinco anos anteriores á convocatoria, de conformidade co disposto na citada lei.

As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Contra os actos e decisións do órgano de selección, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde-Presidente, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei. Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao





disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

6.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Visto os resultados das probas, realizadas as valoracións o Órgano de Selección formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados, e a formulará a a favor das persoas seleccionadas remitiéndose a mesma, á Alcaldía.

A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<http://www.monfortedelemos.es/>).

Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo. Igualmente poderá formarse, se a Alcaldía o estima conveniente, unha bolsa de aspirantes para ser contratados en futuros programas se resultan preseleccionados.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN/ RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

As persoas que resulten seleccionadas e propostas polo Tribunal deberán presentar ó día seguinte o da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria. A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- 1.Fotocopia compulsada do DNI ou NIE en vigor e da tarxeta da Seguridade Social.
- 2.-Tarxeta de demandante de emprego.
- 3.-Documentación acreditativa de ser persoa beneficiaria da RISGA, así como, de que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e de ter cargas familiares, de ser caso.
- 4.Certificado de conta bancaria.
- 5.Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- 6.Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza. Comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		Número : 2023000657
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE - 04/05/2023		Fecha: 04/05/2023
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 04/05/2023		Hora: 20:43
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 20:43:09		Persona 34256762X

CSV: 07E7000B6F4A00Z4N9P7Y4W1U3





seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable .

8.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases. Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos: Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 do 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

SEGUNDO: Cursar a oferta de emprego ó SEPG, indicando o lugar e data de realización da proba o próximo día 18 de maio ás 9:00 no Edificio multiusos do Concello de Monforte de Lemos, sito na Ronda Emilia Casas Baamonde s/n.

TERCEIRO.- Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde

Ordena e asina o Sr. Alcalde
P.D. Decreto de data 24.01.2022
A Primeira Tenente de Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMANTE - FECHA

